SETEMBRO 2026

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en establecementos hoteleiros. Setembro 2026

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 26/25	Nº	Var. Int. 26/25
VIAXEIROS	12.261.521	1,8%	677.562	5,7%
NOITES	40.157.907	1,7%	1.207.551	7,0%
ESTADÍA MEDIA	3,28	-0,1%	1,78	1,3%
% OCUPACIÓN	66,98%	0,22	54,91%	3,52
ADR	141,6 €	7,4%	82,7 €	5,4%
RevPAR	110,5 €	7,7%	51,2 €	10,6%

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

Neste mes de setembro o INE estima que abriron en Galicia preto de 1.800 establecementos hoteleiros –cifra practicamente equivalente á do pasado ano 2025-, que ofertaron preto de 73 mil prazas –dato que en termos globais mantense estable en termos interanuais-.

Amósanse a continuación os principais resultados deste noveno mes de 2026:

- O segmento hoteleiro de Galicia rexistra neste mes de setembro 678 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 1,2 millóns de noites, cifras que presentan un comportamento positivo en relación ao pasado ano. En particular, o volume de noites increméntase un 7,0% -a variación é importante- como consecuencia do crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados -do 5,7%- nun contexto de leve mellora da estadía media -rexistra unha suba do 1,3% neste caso-.
- Esta dinámica coloca o nivel de demanda deste 2026 por encima de 1,2 millóns de noites por vez primeira na serie histórica, con 80 mil pernoctacións máis que o pasado ano -variación significativa-. Cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento hoteleiro de Galicia creceu de forma constante desde a pandemia, cunha forte suba en 2021 e máis suave nos anos posteriores -de 2022 ata agora en 2026, coa única excepción do axuste rexistrado no pasado 2025-. Por tanto, neste 2026 o nivel de demanda do mes de setembro acada un máximo da serie histórica.
- No lado dos viaxeiros aloxados obsérvase igualmente un comportamento positivo, por sexto ano consecutivo, cun crecemento do 5,7% en relación ao pasado ano con 678 mil no mes de setembro -desta maneira rexistra tamén aquí a cifra máis elevada da serie histórica-. É a primeira vez que a cifra de viaxeiros aloxados supera a barreira dos 650 mil neste noveno mes do ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento variable nas diferentes comunidades autónomas. Unha parte delas, oito en particular, conseguen superar os niveis de demanda do pasado ano, con maior intensidade Cantabria -cunha suba do 9,8%- por diante de Galicia -destino no que o número de noites crece un 7,0%- e de Madrid -cunha

suba do contorno do 5% neste caso-. Baleares e Asturias rexistran, en cambio, os crecementos máis moderados -ambos do contorno do 1% interanual-.

- Dous destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os sete restantes presentan caídas en relación ao pasado ano, máis suaves en Aragón e Navarra -do contorno do 1% interanual- e de forma máis intensa en A Rioxa e Castela A Mancha -ambas con caídas do 11% en relación ao pasado ano-.
- Galicia colócase por tanto nunha posición alta no ranking de variacións interanuais -no grupo de destinos con dinámica positiva-, coa segunda taxa de variación máis elevada do conxunto do Estado -onde se observa en liñas xerais un incremento do 1,7%-. O comportamento de Galicia mellora en cinco puntos a media estatal.
- No lado dos viaxeiros aloxados Galicia colócase tamén no grupo de destinos con dinámica positiva xunto con outros sete destinos. Lidera este ranking novamente Cantabria, coa suba do 6,6%, por diante de Galicia e Asturias -ambas con subas por encima do 5%-, as tres da España Verde. No lado contrario son seis os que amosan comportamento negativo.
- En termos de volume Galicia sitúase neste mes na sétima posición absorbendo o 3,0% do total estatal. Mantén a posición dos últimos cinco meses mais gaña dous postos respecto do observado en marzo para consolidar a súa posición habitual no contexto estatal.
- A nosa comunidade colócase neste mes por detrás dos principais destinos do Estado que son, por orde de importancia, Baleares -lidera por quinta vez consecutiva o ranking estatal, co 24% do total e máis de 9,7 millóns de noites-, Cataluña –con máis de 6,8 millóns-, Andalucía -con 6,3 millóns-, Canarias –con preto de 6,0 millóns-, a C. Valenciana -con máis de 3,3 millóns- e Madrid -con 2,5 millóns de noites neste caso-.
- Estas seis comunidades absorben o 86% do total da demanda do conxunto do Estado. Só Baleares, que se coloca por quinta vez consecutiva desde outubro do pasado ano como destino líder a nivel estatal -substituíndo a Canarias que liderou o ranking de novembro a abril-, representa o 24% do total de España -porcentaxe similar á dos últimos meses que significa basicamente que unha de cada catro noites hoteleiras de España se localiza só en Baleares-.
- A continuación deste grupo principal de seis destinos sitúase xustamente Galicia e as restantes comunidades autónomas.
- O 62% das noites hoteleiras corresponden ao turismo de ámbito nacional, segmento no que ten un maior peso o receptor -españois que proceden doutras comunidades autónomas- pois representa o 45% do total. Así pois, case a metade das noites nos hoteis e pensións de Galicia corresponden aos españois que veñen de fóra da comunidade -porcentaxe levemente inferior á do pasado ano-.
- O mercado interno, dos residentes en Galicia, absorbe o 17%.
- O mercado internacional representa o 38% do total da demanda hoteleira, segmento que por sexta vez consecutiva supera en volume e peso ao dos residentes na comunidade.

- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo a nivel de mercados. Así, en setembro increméntase o turismo de ámbito nacional -nun 2,8% o interno, dos residentes en Galicia, e nun 5,2% o que procede do resto do Estado- así como o internacional -un 11,3% neste caso-.
- O comportamento positivo da demanda hoteleira neste mes de setembro vén como consecuencia, por tanto, do crecemento rexistrado polos tres grandes segmentos de mercado, circunstancia que acontece por segunda vez neste ano -igual que en marzo-. Nos restantes meses aprécianse dinámicas positivas e negativas en función do mercado de referencia.
- Con esta dinámica o mercado internacional consolida o comportamento observado no verán -en xullo e agosto- así como nos catro primeiros meses deste 2026 e no final de 2025- mais contrasta coas caídas puntuais observadas en maio e xuño -na temporada media-. Xa cunha perspectiva de longo prazo obsérvase que o segmento internacional acumula seis anos consecutivos de crecemento da demanda no mes de setembro -desde a pandemia-, pasando de pouco máis de 300 mil noites en 2022 a 458 mil agora en 2026. Esta dinámica coloca o nivel deste ano, por tanto, en máximos da serie histórica.
- Tal circunstancia vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en boa parte dos principais mercados estranxeiros. Coa excepción do turismo procedente de Alemaña e Francia -que presentan caídas do nivel de demanda do 13% e 10% respectivamente- os restantes mercados internacionais superan o número de noites de setembro do pasado ano. Destacan en intensidade os crecementos rexistrados polos mercados portugués -do 20% interanual-, italiano -do 19%- e irlandés -do 16% neste caso-. Engádese a esta lista o mercado estadounidense -primeiro en orde de importancia, igual que en maio e xuño, substituíndo a Portugal que liderou o turismo estranxeiro no verán- que supera nun 13% o número de noites de 2025. Engádese a esta tendencia positiva o mercado británico, se ben con menor intensidade -sobe un 5% en relación ao pasado ano-.
- Apréciase, por tanto, un comportamento positivo xeneralizado do mercado internacional, con subas de todos eles agás o alemán e francés. Destacan en intensidade os crecementos dos mercados de EEUU e Italia.
- O mercado receptor nacional presenta un comportamento algo diferente no medio prazo pois o incremento deste ano vén a confirmar unha tendencia variable desde a pandemia, con alternancia de crecementos -en 2022, 2024 e 2026- e caídas -en 2023 e 2025- no mes de setembro. Desta maneira, e cunha perspectiva de longo prazo, este segmento mantense por sexto ano consecutivo por encima do medio millón de pernoctacións -con 547 mil noites-, cun valor parello ao de 2024 e inferior ao máximo da serie histórica acadado en 2022 -con 560 mil noites-.
- Este último presenta unha dinámica positiva dos principais mercados, tanto en dirección como en intensidade con algunha excepción concreta. O principal mercado -Madrid- supera nun 7,5% o número de noites do pasado ano. Soben tamén os mercados andaluz -nun 10%-, de Castela e León -un 5%- e con maior intensidade o vasco -de menor peso global, supera nun 19% o nivel de demanda do pasado ano-. Contrastan con isto as caídas rexistradas polos mercados catalán e asturiano, que rexistran perdas iguais ou superiores ao 10% interanual.

- O turismo interno participa tamén desta dinámica variable. O crecemento deste ano -o primeiro desde 2021 en realidade- contrasta coa dinámica de caídas e estabilidade observada nos últimos anos. Tal circunstancia coloca o nivel de demanda por encima das 200 mil pernoctacións por vez primeira desde a pandemia -concretamente 203 mil noites- se ben con pequenas diferenzas respecto do observado nos anos anteriores. En realidade, e cunha perspectiva de longo prazo, o mercado interno mantense no contorno das 200 mil noites desde 2022 amosando así unha estabilidade global no mes de setembro.
- As diferenzas de intensidade na variación do número de noites provoca pequenos cambios de peso e, en consecuencia, da estrutura da demanda segundo a procedencia. Así neste mes mellora o peso do turismo internacional -en algo máis dun punto porcentual- a costa da perda de cuota de mercado do segmento nacional -de pouco máis de medio punto tanto o interno como o que procede do resto do Estado-.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o mercado interno rexistra a porcentaxe máis baixa da serie histórica pois sitúase por debaixo do 17% por vez primeira desde que hai rexistros -ata 2014 superaba sempre o 21%, por exemplo-. O receptor nacional rexistra tamén mínimos da serie pois nunca antes se situara por debaixo do 46%, mentres que o internacional, coa evolución positiva, acada o peso máis elevado de toda a serie histórica do mes de setembro -supón por vez primeira o 38% da demanda neste noveno mes do ano-. Hai só catro anos, en 2022, representaba menos do 30%.
- A nivel territorial o comportamento da demanda hoteleira é tamén homoxéneo. Increméntase así o número de noites nas catro provincias -por vez primeira neste ano pois ata agora sempre se observaba caída nalgunha delas-, de forma relativamente suave en Lugo -nun 1,2%-, algo máis notable en A Coruña e Ourense -nun 6% e 7%, respectivamente- e máis acusada en Pontevedra -rexistra o incremento de maior intensidade co 11% interanual-.
- Co 41% das noites hoteleiras A Coruña lidera agora en setembro, por vez primeira desde o verán e igual que o fixo no primeiro semestre, o mercado turístico hoteleiro en Galicia -substitúe a Pontevedra que en xullo e agosto lidera o mercado na comunidade, e consolida a posición habitual na temporada alta-. Segue a continuación xustamente Pontevedra, moi preto co 39%, por diante de Lugo e Ourense -co 14% e 6% do total, respectivamente-. Mantense agora en setembro a concentración da demanda nas provincias do litoral atlántico -o 80% das noites localízanse en A Coruña e Pontevedra, cun reparto moi parello entre ambas-.
- A nivel das categorías hoteleiras o comportamento da demanda é tamén positivo. Crece así o número de noites en todos os segmentos dos hoteis agás naqueles de unha estrela -rexistran un descenso do 4% interanual-. Os incrementos son máis suaves no segmento de maior categoría -hoteis de catro e cinco estrelas, cunha suba do 2%- e de maior notoriedade naqueles de tres estrelas -do 5%- e sobre todo nos de dúas estrelas -do 22% neste caso-.
- No ámbito das pensións a dinámica é equivalente, incrementándose o número de noites tanto naquelas de tres e dúas estrelas -nun 8%- como nas de unha estrela -nun 18% neste caso-.

- Isto da como resultado que o nivel de demanda crece no conxunto dos hoteis -un 6% en relación ao pasado ano- así como nas pensións -un 12% neste caso-. Ambas tipoloxías amosan, por tanto, un comportamento homoxéneo neste noveno mes do ano.
- O conxunto dos hoteis representa o 79% do total da demanda -sendo maioritario o segmento de catro e cinco estrelas pois absorbe o 33% do total das noites-, ficando o 21% restante no ámbito das pensións.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 1,8 noites, cifra que supera levemente o nivel do pasado ano -un 1,3%-. Sobe a estadía media por vez primeira nos últimos cinco anos, desde 2021, circunstancia que rompe cunha tendencia negativa pero que resulta insuficiente para saír dos mínimos da serie histórica que unha vez máis mantéñense no contorno de 1,8 noites neste mes de setembro.
- Con todo, a estadía media en Galicia sitúase nunha posición baixa no conxunto do Estado -supera o valor de tan só dúas comunidades autónomas-. Canarias, con 6,6 noites, marca a cifra máis elevada. No lado contrario a cifra máis baixa fica en Castela e León -con menos de 1,7 noites-.
- En termos dinámicos a estadía media crece en oito destinos -con maior intensidade en A Rioxa-, mantense estable tamén en cinco e descende nos catro restantes -de forma máis acusada en Asturias e Castela A Mancha-.
- A nivel territorial e dentro de Galicia a estadía media presenta certas variacións entre provincias. Pontevedra é a que rexistra o valor máis alto neste mes, con 2,1 noites de media. Ourense presenta tamén unha cifra importante, con 2,0 noites, ficando as provincias do norte con valores máis baixos: de 1,6 noites de media en A Coruña e 1,5 noites en Lugo.
- Obsérvanse tamén diferenzas a nivel das categorías hoteleiras. Neste mes, igual que nos cinco últimos e ao contrario do observado nos cinco anteriores, a estadía media acada os valores máis altos nos hoteis de catro e cinco estrelas -con 2,1 noites de media-. Este dato descende a medida que imos baixando de categoría, con 2,0 noites os hoteis de tres estrelas, 1,8 noites os de dúas estrelas, 1,6 noites os de unha estrela, 1,5 noites as pensións de tres e dúas estrelas e 1,4 noites as de unha estrela.
- Ao contrario do que acontece na temporada baixa, o valor da estadía está correlacionado coa categoría do aloxamento -tal circunstancia observábase xa nos cinco últimos meses así como nas temporada media e alta do pasado ano-.
- O crecemento do nivel de demanda en relación ao pasado ano acontece nun contexto no que o volume de oferta varía de forma pouco significativa -o número de prazas dispoñibles sobe un 0,2% o que significa que se mantén estable-. Isto leva a unha mellora dos niveis de ocupación en relación ao 2025 -sobe en máis de tres puntos porcentuais- para situarse no 54,9% de media -a cifra máis elevada da serie histórica-.
- Mellora a ocupación logo de rexistrar variacións dispares nos últimos anos, alternando crecementos, estabilidade e caídas desde 2017. As diferenzas son nalgúns casos pouco notables -de feito a ocupación estabilízase no contorno do 50-52% de 2022 a 2025- pero rómpese esta tendencia agora en 2026 acadando o máximo da serie co 54,9% de media.

- O dato de Galicia sitúase nunha posición media no ranking estatal -supera neste mes o nivel de oito comunidades autónomas-. Baleares marca agora en setembro, por quinta vez consecutiva nos últimos doce meses, a porcentaxe máis elevada cun 82,6% de media -igual que o fixo de abril a setembro do pasado ano, substituíndo a Canarias que liderou este apartado desde outubro de 2025-. No lado contrario a porcentaxe máis baixa queda neste mes en Castela A Mancha, cun 40,9% de media.
- As tarifas hoteleiras sitúanse neste mes en 82,7 euros, cifra que supera o dato do pasado ano -nun 5,4%- así como o valor de 2019 -en máis dun 35% neste caso-. É a cifra máis elevada da serie histórica do mes de setembro pois nunca antes se superaran os 80 euros de tarifa media. Descontando o efecto da inflación obsérvase que en realidade as tarifas hoteleiras mantéñense estables neste mes, a variación en termos reais é practicamente nula -o dato da inflación media en Galicia neste último mes sitúase no 5,5%-.
- En termos comparativos a nosa comunidade sitúase nunha posición media-baixa a nivel estatal -supera o valor de catro comunidades autónomas-. Madrid, con 186,7 euros, presenta as tarifas máis elevadas neste mes. Estremadura, en cambio, amosa o valor máis baixo con 73,0 euros.
- En termos dinámicos Galicia colócase nunha posición media no ranking de variacións interanuais das tarifas hoteleiras. Soben en todas as comunidades autónomas, con maior intensidade en Madrid e Cantabria -ambas nun 14%- e no País Vasco e Murcia -arredor dun 12% en ambas-. No lado contrario o incremento máis moderado localízase en Aragón -coa suba do 1,5%-.
- A variación dos niveis de ocupación -neste caso o grao de ocupación por habitacións sobe un 6,6%- acontece, por tanto, nun contexto de crecemento das tarifas hoteleiras -do 5,4% neste caso-. Isto leva a unha mellora parella dos niveis de rendibilidade hoteleira en relación ao pasado ano -o RevPAR hoteleiro crece un 10,6% situándose en 51,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis alta da serie histórica-. Nunca antes o nivel de rendibilidade superara os 50 euros neste noveno mes do ano.
- Galicia fica tamén neste ámbito nunha posición media-baixa respecto do observado nas restantes comunidades autónomas. Con 157,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible Baleares marca neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado do conxunto do Estado. Estremadura presenta, en cambio, o valor máis baixo con 37,6 euros.
- En termos dinámicos Galicia sitúase nunha posición media-alta no ranking estatal, no grupo de destinos con crecemento do RevPAR hoteleiro -a práctica totalidade-. Lidera esta clasificación Cantabria -coa suba do 19%- e Madrid e Murcia -ambas no contorno do 15% neste caso-. No lado contrario o RevPAR mantense estable en Castela e León, e descende en Castela A Mancha e A Rioxa -nun 2% e 3%, respectivamente-.
- Con estas cifras estímase que o sector hoteleiro obtivo uns ingresos totais nominais de 59,8 millóns de euros no mes de setembro, cifra que supera nun 12,2% o dato do pasado ano -circunstancia que acontece por sexta vez consecutiva desde a pandemia-. Con este incremento achégase aos 60 millóns de euros por vez primeira na serie histórica, rexistrando un máximo no mes de setembro agora en 2026.

- Descontando o efecto da inflación os ingresos hoteleiros soben con menor intensidade, en termos reais un 6,4%.

ANEXO – GRÁFICAS

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Setembro 2016-26




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Setembro 2026/25




Fig. 3. Principais mercados no ámbito hoteleiro. Noites, setembro 2026




Fig. 4. Variación da demanda dos principais mercados no ámbito hoteleiro. Setembro 2026/25




Fig. 5. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Setembro 2026/25




Fig. 6. Variación da demanda por segmentos hoteleiros. Setembro 2026/25




Fig. 7. Evolución da estadía media. Setembro 2016-26




Fig. 8. Evolución do nivel de ocupación hoteleiro. Setembro 2016-26




Fig. 9. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Setembro 2014-26




Fig. 10. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Setembro 2014-26

